

ASUNTO PLE/2022/00050211X

ACTA NÚM. 20 - SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE 14 DE NOVIEMBRE DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **09:30 horas** do día **14 de novembro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urgente.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Prol Mariño (Incorpórase a sesión ao comezo do punto 4º da orde do día)

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral do concello.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00046829D.

Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 por importe de 53.409,45 €, financiado con baixas por anulación, para aboamento de gastos de manutención e aloxamento de persoas refuxiadas ucráínas, como consecuencia da invasión rusa.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00047431J.

Crédito extraordinario 2022-CREXT-17, por importe de 300.000,00€ para o outorgamento dunha subvención nominativa á empresa Sionlla Biotech, SL para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas, financiado con RLTGX 2021.

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00048396N.

Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-18 de importe 324.158,56 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00048043G.

Suplemento de crédito 2022-SUPLE-08 por importe de 827.633,16 € para transporte urbano e metropolitano, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

Cumpriméntase así:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, ratifica a urxencia da sesión.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00046829D.

Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 por importe de 53.409,45 €, financiado con baixas por anulación, para aboamento de gastos de manutención e aloxamento de persoas refuxiadas ucráínas, como consecuencia da invasión rusa.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (núm. 2022/ 45259A número de encargo 56076) polo concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, en base ao manifestado polo técnico de xestión de Presidencia e Turismo do centro xestor 33 Oficina de Relacións Institucionais e Turismo, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, modalidade de crédito extraordinario, co obxecto de habilitar o crédito adecuado e suficiente que lle permita atender ao aboamento de facturas de gastos de aloxamento e manutención de persoas refuxiadas ucráínas, pro mor da invasión rusa, , financiado con baixas por anulación.

Visto o resto de documentación achegada que forma parte do expediente.

Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario para dar cobertura ás necesidades manifestadas polo centro xestor Presidencia e Turismo, con código de expediente 2022-CREXT-16. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 20.10.2022.

Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 21.10.2022 e con número de referencia 88/2022.

Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.

Visto o acordo de Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 02.11.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-16.

CONSIDERACIÓNS

1. Normativa de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 35, 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

2. Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprense os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2022-CREXT-16 , posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

3. Por tanto, o expediente que se presenta a aprobar ten por obxecto a HABILITACIÓN de crédito, por importe de **56.313,52** euros, para atender ao aboamento de facturas de gastos de aloxamento, manutención e xestións administrativas de persoas refuxiadas ucraínas, pro mor da invasión rusa, financiado con baixas por anulación.

As facturas ás que pretende dar cobertura este expediente son as seguintes:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2022/4978	11/10/2022	Emit- 5617	25.164,78 €	B70213343	INCOMING VIA SL (HOSPEDERÍA SAN MARTÍN PINARIO)	Estancia refuxiados ucraínos desde o 17 marzo ao 18 de abril de 2022
F/2022/4979	11/10/2022	Emit- 5618	14.194,74 €	B70213343	INCOMING VIA SL (HOSPEDERÍA SAN MARTÍN PINARIO)	Estancia refuxiados ucraínos desde o 18 de abril de 2022
F/2022/5055	19/10/2022	41/Factura Serie 2	14.050,00 €	R1500020A	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CASA DIOCESANA DE EJERCICIOS ESPIRITUAIS)	Estancia refuxiados ucraínos de 17 a 31 de marzo de 2022
F/2022/5058	19/10/2022	J J119/22	2.904,00 €	A15019243	EMPRESA MONFORTE SA	por servizos realizados presup. 0001-163207 / Santiago de Compostela - embaixada ucraniana en Madrid. de 07/10/22 a 09/10/2022.
TOTAL			56.313,52 €			

O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	Descripción	Aplicación orzamentaria		
Gastos de aloxamento, manutención e viaxe de persoas refuxiadas ucranianas	070	22103	2269900	56.313,52	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 93100 2279901	030	93200	2279901
				56.313,52					56.313,52

Esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible, por importe de 56.313,52 €, na aplicación orzamentaria -030 93200 2279901, que recollía a consignación para o novo contrato de asistencia en materia de xestión e inspección de tributos de executiva avanzada pero que, por circunstancias do servizo non se prevé que entre en vigor antes de decembro, polo que se considera realmente dispoñible, segundo manifesta o responsable do CX 45 Tesourería e corroborado pola concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local .

O detalle é o seguinte:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descripción	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 93200 2279901	030	93200	2279901	500.000,00	56.313,52	443.686,48

Neste sentido, fíxose a operación contable RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220220026317 e número de referencia 22022011282.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de **crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-16 por importe de CINCUENTA E SEIS MIL TRESCENTOS TRECE EUROS E CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (56.313,52 EUROS)** para atender ao pagamento dos gastos de aloxamento, manutención e xestións administrativas de persoas refuxiadas ucráínas, como consecuencia da invasión rusa.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria		
Gastos de aloxamento, manutención e viaxe de persoas refuxiadas ucranianas	070	22103	2269900	56.313,52	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 93100 2279901	030	93200	2279901
				56.313,52					56.313,52

Este expediente terá o seguinte detalle:

Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							
DESCRICIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Gastos de aloxamento, manutención e viaxe de persoas refuxiadas ucráínas	33	070	22103	2269900	0,00€	56.313,52€	56.313,52€
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2022-CREXT-16						56.313,52 €	

Financiamento: baixas por anulación na aplicación 030 93200 2279901.

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	56.313,52 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación	56.313,52 €

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos concelleiros/as presentes (9 PSdeG-PSOE, 8 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de **crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-16 por importe de CINCUENTA E SEIS MIL TRESCIENTOS TRECE EUROS E CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (56.313,52 EUROS)** para atender ao pagamento dos gastos de aloxamento, manutención e xestións administrativas de persoas refuxiadas ucráínas, como consecuencia da invasión rusa.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria		Importe Baixas por anulación
Gastos de aloxamento, manutención e viaxe de persoas refuxiadas ucranianas	070	22103	2269900	56.313,52	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 93100 2279901	030	93200	2279901
				56.313,52					56.313,52

Este expediente terá o seguinte detalle:

Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							
DESCRICIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Gastos de aloxamento, manutención e viaxe de persoas refuxiadas ucráínas	33	070	22103	2269900	0,00€	56.313,52€	56.313,52€
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2022-CREXT-16						56.313,52 €	

Financiamento: baixas por anulación na aplicación 030 93200 2279901.

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	56.313,52 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación	56.313,52 €

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-16 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00047431J.
Crédito extraordinario 2022-CREXT-17, por importe de 300.000,00€ para o outorgamento dunha subvención nominativa á empresa Sionlla Biotech, SL para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas, financiado con RLTGX 2021.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (núm. 2022/ 46141K– número de encargo 57480) pola Alcaldía, en base ao manifestado pola economista de Promoción Económica, responsable do centro xestor 34 Promoción económica, de solicitude de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, modalidade de crédito extraordinario, co obxecto de habilitar o crédito adecuado e suficiente nova subvención nominativa para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas no polígono industrial da Sionlla, financiado con baixas por anulación.

Vista a certificación da titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade de data 24.10.2022 en relación ao saldo actual dispoñible do Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021 (RLTGX 2021 de aquí en diante).

Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario para dar cobertura ás necesidades manifestadas polo centro xestor Promoción Económica, con código de expediente 2022-CREXT-17. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 24.10.2022.

Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 24.10.2022 e con número de referencia 88/2022.

Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.

Visto o acordo de Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 02.11.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-17.

CONSIDERACIÓNS

1. Normativa de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 165, 168, 169 e 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, artigos 8, 9, 18, 20, 36, 37 e 38

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Comunicación de 02.06.2021 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2022.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 13 de setembro do 2021 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro do 2022 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2023 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12ª, 13ª, 31ª e 33ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

2. Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación

orxamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprense os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2022-CREXT-17 , posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

3. Coa liquidación do orzamento 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 23.231.476,17 €, o cal pode destinarse, de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orxamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas no artigo 135 da Constitución Española e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 13 de setembro de 2021 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2022, tal e coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

4. *“La suspensión de las reglas fiscales no implica otra correlativa de las obligaciones que tienen las administraciones públicas con terceros, y, concretamente, con los proveedores.”*

6.” *El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos. A estos efectos, hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.”*

4. Así mesmo, con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2021 por un importe total de 8.256.814,84 euros.

Ao longo do presente exercicio, fíxose uso deste recurso financeiro seguindo a normativa vixente, segundo o detalle das aplicacións deste recurso que se amosan no seguinte cadro explicativo, que concreta a aplicación realizada para saldo de OPAS, a reserva de crédito prioritaria para a tramitación de OPAs e outras aplicacións do RLTX:

Detalle da aplicación actual do RLTGX do exercicio 2021

Importe do RLTGX do exercicio 2021	23.231.476,17
Importe de saldo OPAS liquidación orzamento 2021	8.256.814,84

Aplicación realizada para saldo OPAS	Financiamento	Importe	Expediente aprobado ou en tramitación
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS	RLTGX 2021	2.277.866,74	2022-INCOR-06
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS	RLT afectado	1.477.228,16	
Pagamento saldo OPAS con cargo aos créditos iniciais do orzamento 2022	Recurso ordinario	309.364,61	
OPAS anuladas		3.232,43	
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas da carga e outros gastos financeiros	RLTGX 2021	231.109,80	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas de facturas abonadas incluídas no MPP	RLTGX 2021	117.024,57	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	775.529,58	2022-CREXT-03
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.361.193,67	2022-CREXT-07
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	598.829,57	2022-CREXT-11
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	144.502,67	2022-CREXT-12
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	44.331,11	2022-CREXT-14
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	590.499,64	2022-CREXT-15
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	326.102,29	2022-CREXT-17
Saldo de OPAS con crédito habilitado		8.256.814,84	

Aplicación realizada para pagos domiciliados sen imputación orzamentaria 2021	Financiamento	Importe	Expediente aprobado ou en tramitación
Aplicación do RLTGX para Pagos domiciliados 2021 sen imputación orzamentaria	RLTGX 2021	110.398,49	2022-CREXT-13
Pagos domiciliados sen imputación orzamentaria 2021 con crédito habilitado		110.398,49	

Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para saldar OPAS sen crédito	RLTGX 2021	3.826.856,24	2022-CREXT-03
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para pagamentos domiciliados en conta	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-03
Suma de importes da reserva prioritaria orixinal de aplicación do RLT para GX do 2021		3.937.147,03	2022-CREXT-03
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	603.436,46	2022-CREXT-11
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	154.438,32	2022-CREXT-12
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para Pagos domiciliados 2021	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-13
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	44.331,11	2022-CREXT-14
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	600.714,13	2022-CREXT-15
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	326.102,29	2022-CREXT-15
Saldo pendente da reserva prioritaria de aplicación do RLT para GX do 2021		735.406,07	

Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021 para outras finalidades	15.810.757,76
--	----------------------

Outras aplicacións do RLTGX 2021	Financiamento	Importe	Expediente
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para subvencións	RLTGX 2021	1.315.769,99	2022-INCOR-07
Incorporación de remanentes para vehículos eléctricos (2021-CREXT-10)	RLTGX 2021	370.493,48	2022-INCOR-07
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para outros gastos	RLTGX 2021	286.228,69	2022-INCOR-08
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para proxecto RLTOU e RLTOR	RLTGX 2021	1.776.025,67	2022-CREXT-04
Suplemento de crédito para proxecto de gasto 2020/2/OBCSC/18	RLTGX 2021	58.206,72	2022-SUPLE-04
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para pagamento de sentenzas e obrigas	RLTGX 2021	3.998.833,46	2022-CREXT-05
Axudas e actuacións de impulso na reconstrución económica e social	RLTGX 2021	1.955.000,00	2022-CREXT-08
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para actividades e axudas	RLTGX 2021	1.420.000,00	2022-SUPLE-05
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para novos investimentos	RLTGX 2021	3.322.359,40	2022-CREXT-09
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para aboamento act. tarifas recinto feiral Amio	RLTGX 2021	846.883,28	2022-CREXT-10
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou de crédito dispoñible exercicio 2021) para outros gastos	RLTGX 2021	19.129,11	2022-INCOR-10
Suma de aplicacións previstas en expedientes en tramitación plenaria		15.368.929,80	
Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021		441.827,96	

Do anterior, queda de manifesto que existe un saldo pendente de aplicar de RLTGX do exercicio 2021 por importe de 441.827,96€, segundo consta na certificación da titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade de data 24.10.2022, que forma parte deste expediente.

5. Feitas as consideracións anteriores, a modificación de crédito extraordinario número 2022-CREXT-17 que se propón aprobar, por importe de dos cales se empregarán 300.000,00€ financiados co RLTGX 2021, ten por obxecto incorporar ao estado de gastos do orzamento unha nova aplicación orzamentaria específica para modificar o detalle das subvencións nominativas incluídas no capítulo VII co fin de formalizar un convenio de colaboración coa empresa Sionlla Biotech SL para a execución do edificio Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas, que a dita mercantil está construíndo.

O expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-17 de importe total 300.000,00 euros que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito no orzamento actual que permita outorgar unha nova subvención nominativa de capital para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas dentro do municipio. O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: RLTX 2021			
DESCRIPCIÓN	Entidade beneficiaria	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Axuda para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas	B01827468 Sionlla Biotech, SL	010	43300	7700001	300.000,00	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	300.000,00
					300.000,00				300.000,00

O financiamento deste expediente de modificación de crédito procede do Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021 (RLTX 2021 de aquí en diante). Neste sentido, segundo o decreto 2022/4163 de 11/04/2022 relativo a aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2021, dedúcese a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de 23.231.476,17 euros, dos cales 300.000,00 euros financian este expediente.

6. As subvencións concedidas polo Concello axustaranse ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ao Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e á demais normativa aplicable á materia, así como no establecido nas bases 31ª, 32ª e 33ª de Execución do Orzamento de 2022.

A este respecto, a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos anuais das subvencións nominativas correspondentes ao exercicio 2022, nos termos establecidos nas bases 31ª, 32ª e 33ª das Bases de Execución do Orzamento de 2022, incluírá tamén os seguintes datos:

Entidade beneficiaria	CX	NIF Beneficiario	Importe 2022	Aplicación orzamentaria	Obxecto
Sionlla Biotech, SL	34	B01827468	300.000,00	010 43300 7700001	Execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número **2022-CREXT-17** con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **TRESCIENTOS MIL EUROS (300.000,00 euros)** coa finalidade de reflectir no orzamento actual unha nova subvención nominativa para a execución do edificio Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas dentro do municipio, financiado con RLTX do exercicio 2021.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: RLTX 2021			
DESCRICIÓN	Entidade beneficiaria	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Axuda para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas	B01827468 Sionlla Biotech, SL	010	43300	7700001	300.000,00	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	300.000,00
					300.000,00				300.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							
DESCRICIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
B01827468 Sionlla Biotech, SL	34	010	43300	7700001	0,00	300.000,00	300.000,00
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2022-CREXT-17						300.000,00 €	

Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 300.000,00€

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	300.000,00€
2.- Financiamiento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	300.000,00€

A relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos anuais das subvencións nominativas correspondentes ao exercicio 2022, nos termos establecidos nas bases 31ª, 32ª e 33ª das Bases de Execución do Orzamento de 2022, incluírá tamén os seguintes datos:

Entidade beneficiaria	CX	NIF Beneficiario	Importe 2022	Aplicación orzamentaria	Obxecto
Sionlla Biotech, SL	34	B01827468	300.000,00	010 43300 7700001	Execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-17 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e

22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-17 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos concelleiros/as presents (9 PSdeG-PSOE, 8 PP, 4 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número **2022-CREXT-17** con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **TRESCIENTOS MIL EUROS (300.000,00 euros)** coa finalidade de reflectir no orzamento actual unha nova subvención nominativa para a execución do edificio Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas dentro do municipio, financiado con RLTGX do exercicio 2021.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							FINANCIAMENTO: RLTGX 2021		
DESCRICIÓN	Entidade beneficiaria	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Axuda para a execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas	B01827468 Sionlla Biotech, SL	010	43300	7700001	300.000,00	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	300.000,00
					300.000,00				300.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO							
DESCRIPCIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
B01827468 Sionlla Biotech, SL	34	010	43300	7700001	0,00	300.000,00	300.000,00
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2022-CREXT-17						300.000,00 €	

Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 300.000,00€

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	300.000,00€
2.- Financiamiento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	300.000,00€

A relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos anuais das subvencións nominativas correspondentes ao exercicio 2022, nos termos establecidos nas bases 31ª, 32ª e 33ª das Bases de Execución do Orzamento de 2022, incluírá tamén os seguintes datos:

Entidade beneficiaria	CX	NIF Beneficiario	Importe 2022	Aplicación orzamentaria	Obxecto
Sionlla Biotech, SL	34	B01827468	300.000,00	010 43300 7700001	Execución do Centro de Servizos Innovadores para empresas biotecnolóxicas

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-17 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-17 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00048396N.
Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-18 de importe 324.158,56 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Tomando en consideración a altura do ano en que nos encontramos e o tempo que resulta necesario para a tramitación e entrada en vigor dos expedientes modificativos de crédito de competencia plenaria.

Tendo constancia de que no momento actual, e despois de tódolos expedientes modificativos aprobados ou en fase de tramitación do seu acordo plenario, aínda queda un saldo de OPAS do ano 2021, cuantificado en 324.158,56 euros, que precisa de habilitación de crédito que achegue o financiamento necesario que posibilibite a súa aprobación e imputación orzamentaria nese exercicio económico.

Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 27.07.2021, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 13.09.2021, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española e, en coherencia co dito mandato a do artigo 11.3 da LOEASF polo cal, con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2022 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020 e 2021).

Tendo en consideración a resolución nº 2022/4163 de 11.04.2022 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2021 en diante) de importe 23.231.476,17 euros e un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 8.256.814,84 euros.

